



INTERVENCION	
ASUNTO:	INFORME
EXPEDIENTE:	Incorporación de remanentes de crédito 1/19
Informe	7/2019
Expediente	2019/G003/000094

Nota previa: o presente informe abordará unicamente a legalidade da modificación que constitúe o obxecto deste expediente, sen entrar a valorar por tanto a concreta actuación de gasto a amparar co crédito que agora se habilita. Tal actuación deberá ser fiscalizada de xeito independente, de acordo co previsto nos artigos 213 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

MARCO NORMATIVO.

A principais normas de aplicación ao asunto informado figuran recollidas nas seguintes disposicións:

.- Normativa estatal.

- LEI 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- LEI ORGÁNICA 2/12, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF).
- REAL DECRETO 500/90, de 20 de abril, que desenrola o TRLRFL en materia orzamentaria.
- REAL DECRETO 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- ORDE EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- ORDE HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local (IMNCL).
- ORDE EHA/2105/15 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

.- Normativa aprobada polo Concello de Ames.

- BASES DE EXECUCIÓN do orzamento.

ANTECEDENTES DE FEITO.

Remítese a este servizo a Memoria ditada pola Concellaría de Economía e Facenda na que se fai constar que chegado o remate do exercicio 2018, compróbase como a execución de determinados proxectos de gasto financiados con recursos afectados aínda non rematara.

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN DE GASTOS	PROXECTO	IMPORTE	APLICACIÓN INGRESOS
Mellora da accesibilidade no Pavillón de Milladoiro Plan POS+ 2018	342.60900	2018/2/PROX./22	81.642,33	91100

Carácter incorporable dos remanente. Como quedou exposto, os remanentes de crédito referidos neste expediente corresponden a proxectos financiados con recursos afectados, estando prevista a súa continuación no vindeiro exercicio, a fin de posibilitar o seu total remate. Segundo o artigo 182.3 Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a súa incorporación resulta por tanto obrigatoria.

Financiamento da incorporación. Os remanentes propostos para a súa incorporación están financiados integramente con achegas finalistas, no marco dos correspondentes plans provinciais, concretamente esta actuación financíase con préstamo provincial que ten carácter reintegrable. Resulta por tanto acreditada a existencia de recursos suficientes para facer posible a modificación que se plantexa, xa que a operación enténdese concedida ao aprobarse pola Deputación Provincial a concesión a este concello do financiamento incluído no POS +2018.

De acordo co previsto no artigo 182.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse de xeito obrigatorio, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto.

En base ao exposto, preténdese de dar aprobación á seguinte modificación de créditos:

INCORPORACIÓN DE CRÉDITOS 1/19:

<i>APLICACIONES de gasto</i>		
342	60900	81.642,33
<i>CONCEPTOS de ingreso</i>		
	91100	81.642,33

O Concello atópase actualmente en situación de prórroga orzamentaria, por aplicación do previsto nos artigos 169.6 do TRLRFL e 21 do Real Decreto 500/90. As previsións iniciais obxecto de prórroga son as correspondentes ao exercicio 2018, por ser este o último orzamento aprobado segundo o procedemento previsto pola norma.

No momento da súa remisión figuraba no expediente a seguinte documentación:

1. Memoria da Concellaría.
2. Documentos contables acreditativos da existencia de saldo de remanente de crédito retido nas aplicacións orzamentarias de imputación de cada un dos gastos.

O presente informe emítese en cumprimento do disposto na Base de Execución do Orzamento nº 15.



ANTECEDENTES DE DEREITO.

Das modificacións de crédito durante a vixencia da prórroga orzamentaria.

De acordo co previsto no artigo 21.5 do RD 500/90, en tanto non se aprobe o orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei.

Da modificación de crédito a efectuar.

En desenvolvemento do previsto nos artigos 182 do TRLRFL, e 99 e 47 do RD 500/90, a Base de Execución do Orzamento nº 15 establece o seguinte en relación ás incorporacións de crédito:

“Os remanentes de crédito estarán formados polos seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións, ou diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigas recoñecidas.
- b) Os saldos de autorizacións, ou diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

Os remanentes de crédito, aos efectos da súa posible incorporación ao exercicio seguinte, poderán encontrarse nas seguintes situacións:

- a) Remanentes de crédito non incorporables: en ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito xa incorporados no exercicio que se liquida, salvo aqueles que estiveran financiados con recursos afectados.
- b) Remanentes de créditos de incorporación voluntaria: poderán ser incorporados aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte os remanentes non utilizados procedentes de:
 - Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que foran concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.
 - Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, a que se fai referencia no artigo 26.2,b) do Real Decreto 500/1990.
 - Créditos por operacións de capital.
 - Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.
- c) Remanentes de créditos de incorporación obrigatoria: os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ao exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores, quedará subordinada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e autorización; poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte, e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.

2. En relación cos créditos que amparen compromisos de gasto do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte, e deberán contar con suficientes recursos financeiros.

3. Aos créditos financiados con recursos afectados non lles serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, se ben deberán contar con suficientes recursos financeiros.

Aos efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

- a) Remanente Líquido de Tesourería.
- b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento.

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado consideraranse recursos financeiros suficientes:

- a) En primeiro lugar, os excesos de financiamento e os compromisos firmes de aportación afectados aos remanentes que se pretende incorporar.
- b) No seu defecto, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

As propostas de incorporación de remanentes tramitaranse pola Alcaldía, informándose pola Intervención de Fondos a existencia de recursos suficientes para facer posible a incorporación de créditos.

As propostas de incorporación de remanentes de créditos terán en conta as seguintes prioridades:

- 1) Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse, en primeiro termo, á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.
- 2) O exceso, se o houber, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.
- 3) Os recursos financeiros que resulten tras as incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

O anterior debe entenderse ser prexuízo do establecido no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

A aprobación dos citados expedientes corresponderá, en todo caso, á Alcaldía.

No caso de que se produciran alteracións na codificación das clasificacións por programas ou económica, con respecto ao orzamento anterior, polo departamento de contabilidade, previo informe da Intervención, deberá procederse a actualizar, segundo as novas codificacións, os créditos incorporados.

Nos proxectos financiados con recursos afectados provintes de exercicios anteriores, cando se renuncie total ou parcialmente á súa execución, ou cando rematada aquela non se tivera esgotado o crédito asignado aos mesmos, poderá procederse á súa incorporación as aplicacións de gastos que o precisen para o desenvolvemento de novos proxectos de similar natureza, aínda que aquelas correspondan a áreas de gasto distintas das de procedencia, correspondendo á Alcaldía a aprobación do cambio de afectación do recurso, e a conseguinte incorporación do remanente”.

- Cumprimento dos anteriores aspectos de legalidade no presente expediente.

Aspecto a comprobar	Grao de cumprimento
EXISTENCIA DE REMANENTE DE CRÉDITO NA/S APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE IMPUTACIÓN	As aplicacións orzamentarias de imputación do gasto amosan saldo de remanente de crédito polos importes a incorporar, de acordo co detalle sinalado na Memoria que dá inicio ao expediente.



	O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de comprobación.
CARÁCTER INCORPORABLE DO REMANENTE	Os ingresos que financian estes gastos teñen carácter finalista, polo que, de acordo co previsto no artigo 182.3 do TRLRFL, a incorporación dos remanentes de crédito resulta obrigatoria neste caso, ao non existir vontade expresa de non renunciar á execución dos correspondentes proxectos. O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de comprobación.
DISPONIBILIDADE DO INGRESO QUE FUNDAMENTA A INCORPORACIÓN.	Os créditos a incorporar fináncianse na súa integridade con achegas finalista no que os ingresos se atopan comprometidos. O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de comprobación.

Efectos da presente modificación sobre o cumprimento dos principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A presente modificación afecta ao saldo financeiro ao estar financiada con préstamo provincial, polo que ten incidencia no cumprimento do obxectivo de estabilidade.

Non obstante, as implicacións sobre a estabilidade orzamentaria derivadas da presente modificación serán abordadas no vindeiro informe trimestral de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite de débeda ao que se refire o artigo 16 da Orden EHA 2105/2012.

Aplicacións orzamentarias afectadas pola modificación.

As aplicacións afectadas por esta modificación son as sinaladas no cadro que se insire ao principio deste informe, considerándose axeitadas, en atención á características das necesidades que se pretenden atender ca mesma.

CONCLUSIÓNS.

En base ao exposto ao longo deste informe, cabe concluír o seguinte:

Carácter do informe. O expediente cumpre todos os aspectos obxecto de verificación. En consecuencia, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación de crédito plantexada, nos termos propostos pola Concellaría de Economía e Facenda.

Órgano competente para a aprobación do expediente. De acordo co disposto no artigo 21.1 f) da LRBRL, así como na base de execución do orzamento nº 15, o órgano competente para a aprobación deste expediente é a alcaldía.

**A interventora
Margarita Fernández Sobrino**

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2019**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000094 -**ANTECEDENTES:**

Chegado o remate do exercicio 2018, compróbase como a execución de determinados proxectos de gasto financiados con recursos afectados aínda non rematara.

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN DE GASTOS	PROXECTO	IMPORTE	APLICACIÓN INGRESOS
Mellora da accesibilidade no Pavillón de Milladoiro Plan POS+ 2018	342.60900	2018/2/PROX./22	81.642,33	91100

Carácter incorporable dos remanente. Como quedou exposto, os remanentes de crédito referidos neste expediente corresponden a proxectos financiados con recursos afectados, estando prevista a súa continuación no vindeiro exercicio, a fin de posibilitar o seu total remate. Segundo o artigo 182.3 Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a súa incorporación resulta por tanto obrigatoria.

Financiamento da incorporación. Os remanentes propostos para a súa incorporación están financiados integramente con achegas finalistas, no marco dos correspondentes plans provinciais, concretamente esta actuación financíase con préstamo provincial que ten carácter reintegrable. Resulta por tanto acreditada a existencia de recursos suficientes para facer posible a modificación que se plantexa, xa que a operación enténdese concedida ao aprobarse pola Deputación Provincial a concesión a este concello do financiamento incluído no POS +2018.

De acordo co previsto no artigo 182.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse de xeito obrigatorio, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto.

Pola intervención municipal emitiuse informe favorable.

En base a todo o anterior, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1.f) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Base de execución do orzamento nº 15, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO E ÚNICO: Aprobar o expediente de modificación de crédito "INCORPORACIÓN DE CRÉDITOS 1/198", de acordo co seguinte detalle:

INCORPORACIÓN DE CRÉDITOS 1/19:

APLICACIÓNS de gasto

342	6090 0	81.642,33
-----	-----------	-----------

*CONCEPTOS de
ingreso*

	91100	81.642,33
--	-------	-----------

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

MEMORIA DA CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Asunto: Incorporación de crédito 1/19

Expediente: 2019/G003/000094

Chegado o remate do exercicio 2018, compróbase como a execución de determinados proxectos de gasto financiados con recursos afectados aínda non rematara.

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN DE GASTOS	PROXECTO	IMPORTE	APLICACIÓN INGRESOS
Mellora da accesibilidade no Pavillón de Milladoiro Plan POS+ 2018	342.60900	2018/2/PROX./22	81.642,33	91100

Carácter incorporable dos remanente. Como quedou exposto, os remanentes de crédito referidos neste expediente corresponden a proxectos financiados con recursos afectados, estando prevista a súa continuación no vindeiro exercicio, a fin de posibilitar o seu total remate. Segundo o artigo 182.3 Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a súa incorporación resulta por tanto obrigatoria.

Financiamento da incorporación. Os remanentes propostos para a súa incorporación están financiados integramente con achegas finalistas, no marco dos correspondentes plans provinciais, concretamente esta actuación financíase con préstamo provincial que ten carácter reintegrable. Resulta por tanto acreditada a existencia de recursos suficientes para facer posible a modificación que se plantexa, xa que a operación enténdese concedida ao aprobarse pola Deputación Provincial a concesión a este concello do financiamento incluído no POS +2018.

De acordo co previsto no artigo 182.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse de xeito obrigatorio, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto.

En base ao exposto, preténdese de dar aprobación á seguinte modificación de créditos:

INCORPORACIÓN DE CRÉDITOS 1/19:

APLICACIÓNS de gasto

342	60900	81.642,33
-----	-------	-----------

CONCEPTOS de ingreso

	91100	81.642,33
--	-------	-----------

Dáse traslado da presente á Intervención Municipal, a fin de que se dea oportuno trámite ao correspondente expediente, incorporando ao mesmo os informes e documentos que resulten procedentes.

A Concelleiroa de Economía e Facenda. Genma Otero Uhía.

